

MEDIDA EXTRAORDINARIA EN MATERIA DE SELECCIÓN TEMPORAL PARA OS PROFESIONAIS EN SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL PROVOCADA POLO VIRUS COVID-19

A Instrución 12/20 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde habilita aos centros sanitarios do Sistema público de Galicia a manter a vixencia dos nomeamentos ou prorrogalos, como mínimo, ata que se expida o correspondente parte de alta médica dos profesionais que estean a prestar servizos no Sistema Público de saúde de Galicia en virtude de nomeamento temporal de carácter eventual, e que durante a vixencia da súa vinculación sexan declarados na situación de incapacidade temporal polo motivo de illamento ou contaxio provocado polo virus COVID-19, estean ou non a prestar servizos en unidades directamente vinculadas coa prestación asistencial a pacientes afectados por este virus.

Xa que logo, cómpre determinar o procedemento a seguir para que aquelas persoas incluídas no ámbito de aplicación da dita instrución podan ver prorrogado o seu vínculo nos termos especificados:

-O persoal que se atope no ámbito de aplicación da Instrución 12/20, deberá achegar ao Servizo de Persoal (rrhh.ourense@sergas.es ou fax: 881547064) o parte de baixa xunto coa xustificación de que a causa de IT se corresponde co COVID-19, de conformidade co Procedemento de actuación na incapacidade temporal na Atención Primaria fronte á exposición á COVID-19 en Galicia no caso de profesionais sanitarios e sociosanitarios, na mesma data na que sexa emitido, emitido pola Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios.

- A vinculación do profesional coa institución, de se-lo caso, prorrogarase ata a data prevista para a alta do traballador no parte de IT, sendo responsabilidade deste presentar

o parte de alta coa máxima dilixencia cando lle sexa emitido para confirmar a exactitude da data desa alta.

-A prórroga do nomeamento do/da profesional, máis alá da alta médica, virá determinada, no seu caso, polas necesidades asistenciais que se determinen en relación coa continxencia do Covid 19, de conformidade coa normativa reguladora para as vinculacións temporais no ámbito de Servizo Galego de Saúde.

Ourense a 20 de abril de 2020

A XERENCIA DE ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS


Félix Rubial Bernárdez

DILIXENCIA:

Para facer constar, que o día 20 de abril de 2020 publicábase a presente convocatoria e bases nos taboleiros de anuncios desta Área Sanitaria.

A Dirección de Recursos Humanos

Asdo. 
Ana María Lesmes Romero